

# ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN NO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO DA COMPETENCIA PROFESIONAL.

ORDE do 18 de decembro de 2017 pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2018 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

**Obxecto:** Procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e/ou de vías non formais de formación, para un total de 2.067 prazas nas unidades de competencia que se indica no anexo I e cun total de 7.700 unidades de competencia nas seguintes cualificacións profesionais:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: 553 prazas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: 435 prazas
- Servizos para o control de pragas : 65 prazas
- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos : 50 prazas
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais : 224 prazas
- Socorrismo en instalacións acuáticas: 278 prazas
- Extinción de incendios e salvamento: 162 prazas
- Tanatopraxia: 150 prazas
- Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural: 100 prazas
- Confección e mantemento de artes e aparellos : 50 prazas

O **prazo de presentación** de solicitudes será dende o 28/12/2017 o 26/01/2018.